



Servizo municipal de madrugadores e comedores escolares

#ActivandoLugo



INFORMACIÓN DO PROCESO DE INSCRIPCIÓN CURSO 21-22

Debido a situación actual por mor da pandemia do COVID-19 iránse actualizando as medidas en función da evolución da mesma e das restricións que non marquen en cada momento.

Estableceranse 2 quendas de xantar. En primeira quenda, (de 14:15 a 15:00), terá preferencia, como en curso pasados, os usuarios máis pequenos de cada ciclo, ata completar aforo. Na segunda quenda, (de 15:00 a 15:45), entrarán o resto de usuarios admitidos. O resto de usuarios que solicitaron, entrarán nunha lista de agarda, a espera dalgunha baixa no servizo.

Pasos a seguir para o proceso de inscrición:

1 RECOLLIDA DE SOLICITUDES

- No propio comedor, de maneira presencial
- Descarga na páxina web do Concello --> www.concellodelugo.gal

2 ENCHER A SOLICITUDE

A - USUARIOS FIXOS Usuarios que van sempre os mesmos días. (Pode ser 1, 2, 3,4 ou 5 días) Poñer un "X" nos días da semana que queira acudir

B- USUARIOS ESPORADICOS Usuarios que non poden planificar os días de uso. Poñer un "X" na opción esporádica e contactar (mail ou teléfono) para indicar día/s de uso (Punto 7b)

3 PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES

PLAZO DE PRESENTACIÓN

Usuarios que desexen iniciar o servizo. (Soamente si hay prazas disponibles. Senón entrarán en lista de agarda)

- Usuarios fixos --> Antes do día 22 do mes anterior o que se queira incorporar
- Usuario esporádico --> 7 días antes do día que queira comenzar

FORMA DE PRESENTACIÓN

- Telemáticamente no rexistro electrónico do Concello de Lugo
- Presencialmente no rexistro do Concello de Lugo (solicitud de cita, previamente)
- Telemáticamente ou presencialmente en calquer rexistro oficial (Administracións públicas, correos, etc)

DOCUMENTACIÓN A PRESENTAR

- **Ficha de inscrición** debidamente cuberta (si se fai a man, encher en maiúsculas)
- **Declaración xurada de familia monoparental** (Se é o caso) -Soamente se consideran casos monoparentais, a estos efectos: Viúva/o con fillos ao seu cargo. Divorciada/o , con fillos ao seu cargo con custodia exclusiva. Muller non casada, con fillos non recoñecidos por un pai no Rexistro Civil.
- **Certificado de empresa**, no que figure o horario de traballo (se é o caso)

Non serán válidas fichas que falten datos e/ou falten firmas.

4 CRITERIOS DE BAREMACIÓN

Todas as solicitudes recibidas serán baremadas para a admisión no servizo, tendo preferencia de entrada, seguindo esta orde:

- 1º SOLICITUDE DE USUARIO FIXO POR 5 DIAS SEMANAIS (tanto novo ingreso, como renovación)
- 2º QUE AMBOLOS DOUS PROXENITORES ESTÉN TRABALLANDO EN HORARIO DE COMEDOR (certificación de empresa, no caso de traballadorxs por conta allea, ou do último recibo do pagamento da cota á Seguridade Social no réxime especial de traballadores por conta propia, no caso de traballadorxs autónomxs)
- 3º FAMILIAS MONOPARENTAIS OU SITUACIÓN EQUIVALENTE (presentar declaración xurada (Anexo I))
- 4º MAIOR NÚMERO DE IRMÁNS QUE SOLICITEN COMEDOR
- 5º SORTEO

4b LISTA DE AGARDA

Todas as solicitudes entregadas en prazo, que non obtiveran praza, quedarán en lista de agarda ata que se produza una vacante no servizo, e irán entrando en orde segundo os criterios anteriores.

Queda aberta a inscrición fora de esa data, durante o resto do curso, baremando cada mes, sempre que haxa prazas vacantes, e despois de que entrasen tódolos usuarios que realizaron a inscrición no primeiro prazo. No momento que as restricións físicas se levanten o comedor volverá a funcionar normalmente, como viña facendo ata o de agora.

5 RECIBO E AXUDAS

(prezos segundo ordenanza municipal)

USUARIOS HABITUAIS: Xantar: 3,96€

Madrugá: 1,98€ (Posibilidade de almorzar ou vir almorzado. Non modifica o prezo)

USUARIOS FIXOS Xantar: 4,95€

OU ESPORADICOS: Madrugá: 1,98€ (Posibilidade de almorzar ou vir almorzado. Non modifica o prezo)

non se permite esta modalidade na opción de Xantar, mentres os comedores non volvan a normalidade

Prezo mensual = Prezo día do servizo seleccionado * Nº de días lectivos contratado.

Cobrarase antes do día 10 do mes seguinte ao servizo

Non poderán facer uso do servizo os usuarios con algún recibo pendente de pago

Aquelas familias con escasos recursos poderán dirixirse aos servizos sociais municipais aos efectos de valoración e tramitación, de se-lo caso, das correspondentes axudas de emerxencia social que permitan o pagamento do comedor. A empresa concesionaria non ten ningunha competencia na asignación e/ou obtención de becas.

6 QUENDAS

	entrada madruga	recollida xantar
Casas	7:30 // 7:50 // 8.15 // 8:45 // 9:10	
A Ponte, As Gandaras	8.15 // 8:40 // 9:05	
Resto de ceips	7:30 // 7:50 // 8.15 // 8:40	1ª quenda xantar: 3:15 // 3:45 2ª quenda xantar: só 3:45

7 AVISOS

A - USUARIOS FIXOS

Soamente para indicar **baixas ou modificacións** nos días de asistencia. Deben comunicarse antes do día 22, facéndose efectivas no mes seguinte. Tamén para comunicar os días de non asistencia (non desconta no importe mensual)

Un usuario fixo que modifique, reducindo os días de servizo, seguirase cobrando polos días marcados na alta. En caso contrario, deberá facer unha baixa e unha nova alta polos días desexados, entrando a baremación como un novo susuario.

B- USUARIOS ESPORADICOS

Para indicar asistencias adicionais ou anulacións de días que non acuda para deducir importe no recibo. Como máximo ata as 20:00 horas do día lectivo anterior a asistencia/anulación. Avisos posteriores nin se deducirá importe nin poderán facer uso do servizo.

Modificación de esporádico a fixo, debe comunicalo antes do día 22, facéndose efectivas no mes seguinte.

MAIL e TELEFONO PARA AVISOS : [COMUNICARASE A PRIMEIROS DE CURSO](#)
[En ningún caso se atenderán SMS, nin avisos a través dos monitores.](#)

TODAS ESTAS MEDIDAS, ESTARÁN VINCULADAS A EVOLUCIÓN DA PANDEMIA, PODENDO SER MÁIS FLEXIBLES OU MÁIS ERICTAS EN FUNCIÓN DESTA, E PODER CHEGAR INCLUSO A SUSPENSIÓN DO SERVICIO.